

Comentarios postos no blog do Sánchez Cantón no curso 2012-2013

Corazón de chocolate

Gustoume este libro porque está ambientado nun lugar moi fermoso como é a catedral de Santiago. Ademais é unha historia que ten moito mérito tentar de escribir sobre ela porque xa se fixeron moitísimos relatos sobre os posibles sucesos que houbo na catedral ou as moitas especulacións que existen sobre Cristobo Colón. Así que innovar nun campo no que xa case se dixo de todo está moi reñido. Aínda así Jaureguizar consegue mergullarnos nunha nova aventura na que mestura os misterios da catedral de Santiago cos propios do descubrimento de América. Ademais a historia non se fai pesada grazas a que dentro da trama está contido o típico romanceiro xuvenil, o rapaz que quere a dúas mozas pero ten que se decantar por unha soa, intentando manter unha amizade coa outra. Isto dálle un toque máis levadeiro á historia, non quere dicir que sen iso a novela sería aburrída, porque non é certo. Pero, para min o que sobra é a continua chamada de atención sobre a "medio-irmán" chinesa que ten Tintinmán. Non me parece que veña a conto. Está ben que o autor queira incluíla no texto, pero que cada vez que aparece a nai se lle dea un toque de atención non me parece demasiado axeitado. Por outra banda gustoume moito como se lle acaba collendo cariño a Anselmo ao longo da historia, a pesar de levar posto o alcume de padrastró, debido ás súas constantes intervencións aportando datos, ou respaldando as continuas faltas a clase do fillo da súa muller pola teima de ser reporteiro. Todo isto fai darse a un conta do importante que é darlle o peso e as intervencións necesarias a cada un dos personaxes dependendo da súa importancia no texto. Como a nai que ten as intervencións xustas como para que saibamos que está preocupada pero que non é unha atosigona e unha enferma do control.

A última personaxe que me gustaría destacar é o papel de Mónica, a delicadeza do autor deixando entrever entre as súas verbas ese amor incondicional que tanto queremos atopar e cando damos con el pasámolo por alto. Aínda que Tintinmán non lle fixese caso e estivese con outra moza, ela seguía indo a súa casa para facerlle todas as tarefas necesarias. Isto fai reflexionar sobre como tratamos ás veces ás persoas que máis nos queren pero que non as apreciamos porque pensamos que sempre van estar ao noso carón fagamos o que fagamos, e isto é unha enorme equivocación. A pesar de todas estas miudezas debo dicir que me encanta este autor en especial pola súa obra: "O contador de estrelas". Pero debo recoñecer que con esta primeira entrega de Corazón de Chocolate tivo tanto acerto coma coa obra xa citada. **(Clara)**

Este libro gustoume moito, é o mellor dos que xa lin este ano. A historia que conta é moi intrigante e entretida, non te podes aburrir coa súa lectura. A historia está moi ben contada, cando xa pensas que o misterio está resolto acontece un xiro inesperado. A historia conta como Uxío Lobo herda a casa do seu pai tras a súa morte e faise periodista no mesmo periódico no que tamén traballaba el. Descubre que debaixo da catedral hai uns pasadizos secretos e que supostamente hai a Irmandade Xelmírez e tamén a posible existencia duns documentos no arquivo da Catedral de Santiago que demostran que América foi descuberta no século XII e era coñecida como Nova Galicia. De alí traían riquezas e un alimento coñecido como chocolate, que pensaban que concedía a inmortalidade e decidiron non dalo a coñecer. Ó final, Uxío logra desenmascarar á Irmandade coa axuda de seu gato Señor Grozni. Este libro é o mellor dos que lin neste curso, ademais de contar o misterio do Irmandade, tamén conta como Uxío ten mal de amores, porque lle gustan dúas mozas e non sabe cal escoller. A min encántame o personaxe de Maika, unha das dúas mozas que lle gustan a Uxío, paréceme unha moza intelixente e con carácter, ten moita personalidade e está moi segura de si mesma. O Señor Grozni é tamén un dos meus personaxes favoritos, aínda que é un animal, paréceme increíble como Uxío pode comunicarse co seu pai a través do gato. En resumo, está historia enganoume e o máis probable e que lea no seguinte trimestre o segundo libro desta colección. **(Itziar)**

É un libro moi entretido no que, para min, gaña moitísimo por estar ambientado en Galicia e por tratar temas cos que nos podemos sentir máis identificados. Gustoume moito a creativa historia que describe o autor acerca do descubrimento de América polos galegos e da seita que aparece a raíz dese acontecemento e que chega ata os nosos días, aínda que fose totalmente imposible que iso puidese pasar na realidade. É unha historia moi completa. Posúe unha boa historia, romances entre os protagonistas, misterios e intrigas e, ao final, un asasinato sen resolver. Para min o libro non destaca especialmente pola maneira na que está escrito, é unha narración en primeira persoa totalmente normal, mais si que destaca porque Tintinmán, o protagonista, consegue meterte na historia e durante algunhas partes do libro eu estaba moi intrigado pola reacción que el podería ter fronte ás situacións que se suceden ao

longo do libro. Algo que realmente non creo que fose un acerto foron os dous romances que ten Tintimán. Creo que non lle aportan nada ao libro e que sería igual ou case mellor sen eles. Ademais é difícil de entender a relación entre Tintimán e Mónica, a moza da súa clase que quería ser a súa noiva, xa que ela sempre lle axuda, despois el non lle fai caso e finalmente intenta pedirlle desculpas. Na miña opinión debería aclarar os seus pensamentos. Nin sequera entendín como rematou todo. O mellor do libro na miña opinión son as ganas que ten Tintimán de facer o que lle gusta, seguir os pasos do seu pai como reporteiro e de atopar a resposta a todas as preguntas que atopa, por moi complicado que sexa o camiño que ten que seguir para conseguilo. Tamén me gustou a forma que ten o autor de utilizar ao gato Señor Grozni para aconsellar a Tintimán nos momentos onde se sentía máis perdido, coma se o seu pai lle falase; e as breves, concisas e moi útiles aparicións de Anselmo, o seu padrastro, un personaxe ao que sentín unha moi boa persoa que sempre quería axudar, para aportar datos reveladores. En xeral é un libro moi entretido e có que cheguei a aprender historia polo ben que a relaciona coa historia principal. **(Andrés)**